



GUÍA DE VISITA

PETRÓGLIFO DOS MOUCHOS

(BRIÓN, STA MARÍA DE LEIRO, Rianxo)



PETRÓGLIFOS DOS MOUCHOS

Código do xacemento: GA15072020



Gravuras en afloramento 3 dos Mouchos

ACCESO



8 min.
3,1km

O acceso aos petróglifos dos Mouchos é relativamente doado.

Dende o centro de Rianxo é preciso seguir cara a praza de Padrón, logo tomala estrada á dereita, rúa Rosalía de Castro (CP-7202) e continuar uns 240 m; e logo na rotonda, tomala primeira saída en dirección á rúa José Arcos Moldes que enlaza coa rúa Hospital (estrada CP-3301); dende aquí é preciso recorrer 1,7 km ata chegar a Brión (avanzado en dirección leste, e atravesando os núcleos de Fincheira e Cortes).

A entrada de Brión, é preciso desviarse na primeira bifurcación (tamén é posible dende a segunda, xusto na curva, pero esta levaranos polo medio do núcleo de Brión).

Na primeira está sinalizado o recurso, xunto co acceso á praia das Cunchas, dado que se emprega o mesmo.

Dende a primeira bifurcación, e preciso continuar 550 m ata un cruce, que debemos coller á esquerda, logo de 700 m e xusto nunha curva cara a dereita, ábrenos á esquerda un camiño de terra, que discorre en dirección leste.

Para acceder aos gravados e preciso continuar polo camiño de terra uns 50 m, momento no que se abre o acceso cara os gravados. O muro de peche feito en pedra é un bo indicador para dar chegado ás gravuras, dado que dúas das penedías ou afloramentos (rochas 2 e 3), que se atopan na parte máis alta, están ao carón do citado peche.

A 35 m do camiño de terra, conforme accedemos á zona das gravuras, atoparémonos coa rocha 2.



SITUACIÓN

Parroquia: Santa María de Leiro (Rianxo)

Lugar: Mouchos, Brión

COORDENADAS (afloramento 2)

UTM(ED50): x:517092; y: 4721275

UTM (ETRS89): x:516967; y: 4721060

XEOGRÁFICAS: 42 38 30.7 N, 08 47 34.0 O



Localización rochas 1, 2 e 3 dos Mouchos

PROPIEDAD DOS TERREOS

PRIVADA

RECOMENDACIÓNS

- Non pises nin remarcarques os gravados con ningún obxecto (nin xiz).
- Non tires lixo nin ningún outro obxecto que poida danar o contorno.
- Goza da arte dos antergos e deixa que outros gocen. Axudamos a conservar o patrimonio

ROCHA 2 DOS MOUCHOS



DESCRICIÓN

Trátase dun pequeno bolo granítico, afectado por labores de cantería tradicional, atopamos na súa vertente oriental vairs representación.

Destaca na parte alta o que puidera ser unha escena de equitación ou monta acrobática, na parte media un cuadrúpede incompleto (fáltalle parte do colo e a cabeza); e na parte inferior, articulado arredor dun ovalo aberto con coviñas no interior, e vencellado a outros trazos, a partir do cal podemos atoparnos dous cuadrúpedes á esquerda do mesmo, en dirección norte; e á dereita do ovalo, nun plano inferior á posible presenza do antropomorfo sobre un équido (escena de monta), localizamos tres cuadrúpedes, un deles incompleto (fáltanlle cuartos traseiros); un é un cervo macho con cornamenta desenvolvida, e mirando cara o ovalo, mentres que o outro cuadrúpede non presenta cornamenta e está orientado en sentido contrario e nunha posición superior ao cervo macho.



Localización do afloramento 2 dos Mouchos



ROCHA 3 DOS MOUCHOS



DESCRICIÓN

A 24 m da rocha 2, e en sentido norte, localizamos a rocha tres, que non é un afloramento tan voluptuoso como o anterior, nembargantes está colmado de gravuras.

Si nos situamos na parte inferior do afloramento (sector leste) podemos apreciar que un pouco distanciada do centro da lousa, atópanse varios motivos xeométricos. Dous grupos de círculos concéntricos en series de catro con covañas no interior, e un deles radiado, que semella que este conxunto de círculos está superposto a un cuadrúpede. Xusto por riba deste conxunto pódense apreciar outros trazos curvos e algunha covaña máis.

Na parte central da lousa atopamos, cun tamaño maior que o resto dos motivos, dous animais, un deles un cervo con cornamenta desenvolvida, e o outro presenta un antropomorfo situado ó lombo do que puidese ser un équido. Acompañando a estas dúas grandes figuras animais, atópanse outros cinco cuadrúpedes completos que camiñan en sentido sudoeste, e varios incompletos. Tamén se localizan dous conxuntos incompletos de círculos ou trazos semellantes, ámbolos dous con covañas no interior.

Nun plano superior da lousa, e por riba dos dous grandes animais xa descritos, xusto na súa vertical, atopamos un cervo macho entre dúas diáclases que presenta a rocha. A esquerda deste motivo, albíscanse varios animais incompletos, dous deles presentan cornamentas, e xusto no remate da lousa aparece representada unha figura xeométrica composta por varios trazos e círculos que se intersecan, xunto con trazos lineais. O interior está repleto de covañas.



Afloramento 3 dos Mouchos



ROCHA 1 DOS MOUCHOS



DESCRICIÓN

Para acceder á rocha 1 é recomendable volver sobre o andado e dende a rocha dous, a uns 15 m en dirección leste, atoparemos un afloramento seguindo a pendente, sobre o cal está representado o primeiro panel.

A primeira rocha subdivídese a súa vez en tres paneis. O panel que presenta unha maior inclinación, e se atopa sobreelevado dos outros dous, conta coa representación do que puideron ser catro antropomorfos que semella están portando armas, están situados na parte máis elevada do panel, namentres na parte inferior pódense distinguir tres cervos, dous deles machos que contan cunha cornamenta moi desenvolvida. Ademais, pódese observar un cuarto animal acéfalo, xunto con outros dous conxuntos de trazos que semellan animais incompletos.

Xusto ó carón, pero nun plano inferior, localízase un segundo panel onde aparecen representados cinco animais, un deles incompleto (só cuartos traseiros, rabo, barriga e lombo) coroado por unha pequena cazoleta). Este conxunto está disposto en sentido sur, agás un dos cuadrúpedes, que ten unha orientación oposta, o cal tamén se lle pode apreciar o membro reprodutor. Nun plano inferior da rocha, localízanse outros dous animais, un deles un cervo macho orientado cara o sur, e o outro incompleto enfrontados polos cuartos traseiros.

Cara ó leste, e tamén nun plano inferior respecto do panel 1, localízase o terceiro panel composto por dous cervos con cornamentas desenvolvidas orientados cara o sur. Para a representación das patas, tanto dianteiras como traseiras, empregaron tres trazos, igual que na maioría dos motivos descritos con anterioridade.



Afloramento 1 dos Mouchos

